




XUNTA
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS
LÓPEZ FERREIRO

Plan de Igualdade



Ceip López Ferreiro

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

2.2. PRINCIPALES REFERENCIAS NORMATIVAS

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, A VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGTBIFOBIA

3.1. ANÁLISE DOS DOCUMENTOS QUE CONFORMAN O PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

3.2. ANÁLISE DOS DATOS DESAGREGADOS POR SEXO DO CENTRO

3.3. ANÁLISE DAS ENQUISAS PASADAS AOS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.4. ANÁLISE DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA REXISTRADAS NO CENTRO NOS ÚLTIMOS CURSOS.

3.5. ANÁLISE DAS INICIATIVAS DE TRABALLO EN IGUALDADE DESENVOLVIDAS NA ACTUALIDADE NO CENTRO

3.6. ANÁLISE DAFO

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN E MEDIDAS DE ACTUACIÓN NOS DIFERENTES ÁMBITOS

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE

6. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PLAN. INDICADORES DE LOGRO.

1.INTRODUCCIÓN

A promoción da igualdade entre mulleres e homes e o respecto á diversidade —racial, cultural, relixiosa, de orixe ou funcional, entre outras— constitúen principios fundamentais do sistema educativo e un eixo esencial na construción dunha sociedade máis xusta, democrática e inclusiva. Neste sentido, a escola desempeña un papel clave, contribuíndo á formación dunha cidadanía crítica, respectuosa e comprometida cos valores de igualdade, convivencia e non discriminación.

Neste contexto, o **Plan de Igualdade do CEIP de Prácticas López Ferreiro** configúrase como unha ferramenta de planificación e intervención educativa orientada a integrar de maneira transversal a perspectiva de igualdade no funcionamento do centro, tanto no ámbito organizativo como no pedagóxico e na convivencia escolar.

O plan parte dunha análise da realidade do centro que permite identificar fortalezas, necesidades e ámbitos de mellora relacionados coa promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e doutras formas de discriminación, así como co fomento dunha convivencia baseada no respecto á diversidade. A partir desta análise establécense obxectivos e medidas orientadas a consolidar unha cultura de igualdade efectiva no centro, reforzar a formación e sensibilización da comunidade educativa e mellorar os mecanismos de detección e intervención ante posibles situacións de discriminación ou conflito.

O Plan de Igualdade intégrase no conxunto dos documentos institucionais do centro e articúlase en relación aos demais documentos, contribuíndo a reforzar unha visión global da educación baseada nos valores democráticos, na inclusión e no respecto á diversidade.

Este plan concíbese como un instrumento dinámico e aberto á revisión, que debe ser concretado cada curso escolar na correspondente **Programación Xeral Anual**, adaptándose ás necesidades do centro e ás novas realidades sociais, e contando coa participación e implicación de toda a comunidade educativa.

2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1.CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O **CEIP de Prácticas López Ferreiro**, situado en Santiago de Compostela, é un centro público cunha longa tradición educativa e cunha estreita colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Trátase dun centro de liña 2 —con desdobres en dous cursos de educación primaria— que escolariza alumnado das etapas de educación infantil e primaria. Conta cunha comunidade educativa diversa e comprometida, así como cun claustro con ampla participación en proxectos de innovación educativa, igualdade e convivencia.

A súa condición de centro de referencia nas prácticas universitarias, xunto coa súa aposta pola formación permanente do profesorado, sitúano nun contexto especialmente favorable para integrar a educación para a cidadanía global, igualdade de xénero e a coeducación como eixos estruturantes da aprendizaxe e da convivencia escolar.

2.2.PRINCIPAIS REFERENCIAS NORMATIVAS

No plano internacional

- *Declaración dos Dereitos Humanos (Nacións Unidas 1948)*: fai referencia á dignidade, ao valor da persoa humana e á igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- *Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (Nacións Unidas 1979)*.
- *Axenda 2030*: persegue, entre outros, o obxectivo de garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos e todas así como lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas.

No plano estatal

- *Constitución española (1978)*: A igualdade entre homes e mulleres está recoñecida como un dereito fundamental.
- *Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero*: Fai especial fincapé en que as administracións educativas velen para que, en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e se fomente o igual valor entre homes e mulleres no proceso de socialización e educación como elementos preventivos.
- *Lei 3/2007, do 15 de marzo, para a Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres*: Entre os aspectos máis relevantes relacionados coa educación destacan a revisión dos currículos e dos materiais didácticos para garantir o principio de igualdade e eliminar contidos sexistas, a incorporación da perspectiva de igualdade na formación inicial e permanente do profesorado, a promoción dunha presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno dos centros, a difusión dos

principios de coeducación, o recoñecemento do papel das mulleres na historia e o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista.

- *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro (LOMLOE)*: Entende a coeducación como un enfoque para lograr a igualdade de xénero e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes. Establece a presenza da igualdade de xénero nos documentos de centro, así como nos órganos de goberno. Así mesmo, fai referencia á prevención da violencia de xénero e ao respecto á diversidade afectivo-sexual, quedando recollidos no currículo e na área de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

No plano autonómico

- *Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)*: establece que os poderes públicos de Galicia, serán os encargados de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais.
- *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres*: unha das referencias legislativas principais en materia de igualdade.
- *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*: especifica que a perspectiva de xénero debe estar presente nos currículos, na acción tutorial e nos proxectos de centro, co fin de previr a violencia de xénero.
- *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*: incide no dereito á igualdade e non discriminación das persoas LGTBIQ+ en todos os ámbitos, incluído o educativo.
- *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)*: establece as medidas e actuacións que se deben seguir cando o alumnado non se identifique coa súa identidade de xénero.
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*: recolle as condutas contrarias á convivencia así como os procedementos correctores.
- *Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*: Resalta a educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres, facendo fincapé no currículo educativo, na erradicación de prexuízos nos centros e na integración e perspectiva de xénero na formación profesional e na universidade.
- *VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027*: refírese o ámbito educativo como a primeira das áreas estratéxicas sobre as que é preciso intervir, destacando a coeducación e o derrubamento dos estereotipos de xénero.
- *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*: afonda arredor

de 6 eixes de actuación en materia de igualdade para os centros educativos.

- *Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020: Establece a obriga de que os centros educativos de infantil, primaria e secundaria aproben o seu plan de igualdade.*
- *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia .*

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

Para achegarnos á análise da situación real do noso centro en relación coa igualdade de xénero, coa LGTBifobia, o racismo, o capacitismo... realizouse unha revisión dos documentos que conforman o Proxecto Educativo do Centro, dos datos desagregados do centro, das enquisas pasadas aos diferentes sectores da comunidade educativa, das iniciativas de fomento da igualdade desenvolvidas na actualidade na nosa escola e das condutas contrarias á convivencia rexistradas nos últimos cursos.

3.1. ANÁLISE DOS DOCUMENTOS QUE CONFORMAN O PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC -actualizado a 26/02/26): recollen principios e medidas que se relacionan directamente co Plan de Igualdade, ao establecer entre os dereitos e deberes da comunidade educativa o respecto á igualdade entre mulleres e homes, á liberdade de conciencia e á dignidade das persoas, promovendo unha convivencia baseada na non discriminación. Ademais, inclúen criterios para a selección de actividades e materiais educativos que fomenten a igualdade de xénero, a participación social e o respecto á diversidade, contribuíndo a integrar a perspectiva de igualdade na organización, na práctica educativa e na convivencia do centro.

Plan de convivencia (Aprobado 23/10/2023): integra explicitamente o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece medidas preventivas, educativas e correctoras orientadas a promover unha convivencia baseada no respecto e na non discriminación. O documento identifica como condutas contrarias á convivencia aquelas que vulneran a igualdade ou supoñen discriminación por razón de sexo, identidade ou orientación sexual, e incorpora actuacións educativas, organizativas e curriculares relacionadas coa coeducación, a educación emocional, o bo trato e o respecto á diversidade, contribuíndo así á prevención da violencia e á promoción dunha convivencia inclusiva no centro.

Plan de acción tutorial: recóllese no apartado 2 o enfoque de igualdade de xénero e o estilo pedagóxico que considera a cultura da diversidade e da inclusión (apdo 2.2m) e no apartado 4 ao falar dos eixos de intervención dentro das liñas de traballo do Plan. O Plan de Acción Tutorial do centro constitúe un instrumento clave para o acompañamento integral do alumnado desde unha perspectiva preventiva, inclusiva e globalizadora, orientado ao seu desenvolvemento persoal, social e académico. O documento articula actuacións centradas na acollida e integración do alumnado, no seguimento individualizado, na detección temperá de necesidades e na coordinación entre profesorado, departamento de orientación e familias, garantindo unha resposta educativa axustada á diversidade. Entre os seus eixos de intervención destacan a educación emocional, a coeducación, a igualdade de oportunidades, a resolución pacífica de conflitos e a promoción dunha convivencia baseada no respecto e na non discriminación. Ademais, fomenta a participación activa das familias e a coordinación entre os distintos axentes da comunidade educativa, contribuíndo así á consolidación dunha cultura de centro inclusiva, equitativa e coherente cos principios e obxectivos do Plan de Igualdade.

Plan Actividades físicas e hábitos saudables: promove a participación de todo o alumnado en condicións de igualdade nas actividades físicas e deportivas, fomentando hábitos de vida saudables, o respecto ás diferenzas e a cooperación entre iguais. Ademais, impulsa propostas que favorecen a inclusión, a participación equilibrada de nenas e nenos e a utilización dos espazos e das actividades deportivas desde unha perspectiva non estereotipada, reforzando valores de convivencia, benestar e igualdade no contexto escolar.


Plan de acollida/data: contribúe aos obxectivos do Plan de Igualdade ao establecer medidas orientadas a facilitar a integración do alumnado e das súas familias no centro, promovendo un clima de acollida baseado no respecto, na inclusión e na atención á diversidade cultural, lingüística e social. A través de actuacións de acompañamento, información e coordinación entre os distintos membros da comunidade educativa, favorece a igualdade de oportunidades, a participación e a construción dunha convivencia respectuosa desde o momento de incorporación ao centro.

3.2. ANÁLISE DOS DATOS DESAGREGADOS POR SEXO DO CENTRO

Cada ano, unha media que oscila entre os 360 e os 400 alumnos/as de entre 3 e 12 anos (desde o 2º ciclo de Educación Infantil e 6º de Educación Primaria), cursan estudos no CEIP de Prácticas López Ferreiro.

O alumnado matriculado no centro é cada vez máis heteroxéneo, contando cun bo número de familias con nivel sociocultural medio-alto e un número crecente de familias con nivel medio-baixo. A inmensa maioría procede do concello, vivindo na contorna do centro e unha pequena porcentaxe vén de concellos da bisbarra. Nos últimos anos, experimentouse un aumento de alumnado procedente doutros países, especialmente Venezuela....

No curso 2025-26 están matriculadas 190 nenas e 186 nenos distribuídos en cada nivel conforme ao seguinte cadro:




O claustro do centro está formado, nos últimos anos, por entre 30 e 35 docentes. Aproximadamente o 85 % do profesorado conta con destino

definitivo no centro, cunha composición maioritariamente feminina (85 % de mestras fronte a un 15 % de mestres). No *Consello Escolar* a representación tamén presenta unha clara maioría feminina, cun 86,67 % de mulleres e un 13,33 % de homes. No *alumnado* obsérvase unha maior presenza de nenas nos equipos de axuda entre iguais, mentres que no Consello do alumnado se mantén unha participación equilibrada. O persoal non docente está integrado exclusivamente por mulleres e está composto por unha conserxe, unha administrativa, dúas coidadoras e dúas limpadoras.

3.3. ANÁLISE DAS ENQUISAS PASADAS AOS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Co fin de coñecer a percepción da comunidade educativa en relación coa igualdade, a convivencia e o respecto á diversidade no centro, realizáronse enquisas dirixidas aos distintos sectores da comunidade educativa. A continuación preséntase unha síntese dos principais resultados obtidos.


Na análise das enquisas respondidas polas familias obsérvase unha clara feminización da participación, xa que o 82 % das respostas foron realizadas por nais fronte a un 18 % de pais. Este dato pode interpretarse como un indicador dunha corresponsabilidade desigual na relación co centro, tendo en conta que a maioría das familias do centro responden a unha estrutura familiar tradicional.



Ao mesmo tempo, os resultados amosan unha elevada conciencia en relación coa educación emocional: o 88,9% das familias afirma empregar a escoita activa, a empatía e a asertividade na resolución dos conflitos familiares, mentres que o 80,3 % declara dispoñer de espazos ou momentos destinados á calma no ámbito doméstico. As tarefas vinculadas á xestión organizativa e educativa recaen maioritariamente nas nais. A limpeza é o único ámbito onde predomina “ambos por igual”. O pai como responsable exclusivo non supera o 11% en ningún caso. Este dato é un indicador moi claro de desigualdade estrutural na xestión das responsabilidades relacionadas coa escola e coa xestión emocional dos fillos e das fillas. Esta discrepancia nos resultados pode estar a manifestar unha posible disonancia entre discurso igualitario e práctica real no fogar.


Na súa casa, fomentan a resolución positiva dos conflitos utilizando a escoita activa, a empatía e a asertividade?

152 responses



Na súa casa, procuran espazos para a calma e a xestión emocional?


152 responses



Amósase unha actitude moi favorable por parte das familias en referencia á educación en igualdade e non se detecta resistencia significativa ao traballo sobre elas no centro, valorando positivamente as propostas que se están a desenvolver.

Como valora o compromiso do centro educativo coa igualdade na loita contra a violencia machista, a lgbifobia, o capacitismo, o racismo,...

152 responses




En conxunto, as respostas abertas reflicten unha valoración globalmente positiva do centro, acompañada dunha demanda de maior sistematización formativa, reforzo do diálogo e ampliación das actuacións preventivas en igualdade e convivencia. Entre as achegas realizadas, as propostas máis reiteradas céntranse en:

- *Incrementar a formación e sensibilización* mediante charlas, obradoiros e actividades adaptadas á idade do alumnado, tanto para estudantes como para profesorado e familias.
- *Reforzar o traballo en titorías e espazos de diálogo*, promovendo asembleas, reflexión grupal e actividades que fomenten a empatía, o pensamento crítico e a resolución pacífica de conflitos.
- *Incorporar referentes diversos* (de xénero, culturais, familiares, artísticos e profesionais) a través de lecturas, actividades culturais, exposicións e contacto con persoas da contorna.
- Prestar maior *atención ás dinámicas nos espazos* informais, especialmente no recreo, así como á mediación e á inclusión do alumnado con diversidade funcional.
- *Abordar cuestións emerxentes*, como o uso das redes sociais, a pegada dixital e o acceso ao contido pornográfico en idades temperás.
- Tamén aparecen algunhas respostas que solicitan garantir un *tratamento equilibrado e obxectivo das cuestións de igualdade*, expresando preocupación por posibles enfoques percibidos como ideoloxizados ou inadecuados para determinadas idades. Estas posicións son minoritarias, pero evidencian a existencia de sensibilidades diversas dentro da comunidade educativa e confusión no entendemento dalgúns conceptos.

En relación coas respostas do profesorado, cómpre salientar que o conxunto dos datos reflicte unha percepción globalmente positiva do clima de igualdade no centro. O profesorado manifesta integrar de maneira habitual na súa práctica docente o uso de linguaxe inclusiva, a promoción do respecto á diversidade e o fomento da resolución pacífica de conflitos.


Fomentas a resolución positiva dos conflitos utilizando a escoita activa, a empatía e a asertividade?

21 respostas



Á hora de atender ao alumnado ou ás familias, tes en conta que nunha mesma persoa poden converxer varias situacións de vulnerabilidade (por exemplo: diversidade funcional, migración, diversidade sexual, vulnerabilidade socioeconómica,...) que poden influir no seu benestar, proceso de aprendizaxe, xestión emocional....?

21 respostas




Non se identifican situacións estruturais graves de discriminación, aínda que si condutas puntuais que requiren intervención preventiva continuada.

Detéctase vontade de mellora, especialmente na sistematización da revisión de materiais e na incorporación planificada de referentes diversos.

Maniféstase tamén unha demanda clara de formación específica en educación afectivo-sexual, diversidade e prevención da violencia, cun ton xeral construtivo e orientado á consolidación das actuacións xa iniciadas.

En que ámbitos consideras que precisarías máis formación?

21 respostas




As respostas do persoal non docente reflicten, en xeral, unha valoración positiva do clima de convivencia do centro e do seu compromiso coa igualdade e co respecto á diversidade. A maioría do persoal manifesta sensibilización nestes ámbitos e amosa interese en recibir formación específica que lles permita mellorar a detección e actuación ante posibles situacións de discriminación ou conflito. En xeral, obsérvase unha actitude favorable cara ás iniciativas orientadas a promover a convivencia, o respecto mutuo e a prevención de condutas discriminatorias no centro. As suxestións recollidas inciden principalmente na necesidade de reforzar a formación e continuar desenvolvendo accións educativas que fomenten o bo trato, a empatía e a igualdade.

Das respostas obtidas polo alumnado despréndese unha percepción tamén maioritariamente positiva do clima de igualdade no centro. O alumnado considera que existe un trato igualitario entre nenos e nenas, que o profesorado actúa de maneira xusta e respectuosa e que as normas de convivencia se aplican de forma similar para todo o grupo, intervindo as persoas adultas cando xorden conflitos. Non obstante, tamén se detecta a presenza dalgúns estereotipos de xénero asociados a determinadas características persoais, o que indica que, malia esta percepción global positiva, continúan presentes certos estereotipos interiorizados.


Pensas que o profesorado trata por igual aos nenos e ás nenas?

112 responses



En relación coa convivencia entre iguais, a maioría do alumnado sinala que os conflitos ou situacións de discriminación non son frecuentes, aínda que aparecen ocasionalmente comentarios ou actitudes que poden reflectir desigualdades ou exclusións.

Escoitas algunha vez comentarios que fan sentir mal a outras persoas por ser diferentes?



No conxunto das respostas obsérvase, polo tanto, unha percepción xeral de clima positivo e de respecto no centro, acompañada da necesidade de seguir reforzando o traballo educativo orientado á superación de estereotipos, ao desenvolvemento da empatía e á prevención de condutas discriminatorias.

Por último, da análise das respostas achegadas pola ANPA despréndese que, en relación coa oferta de actividades extraescolares, existe en xeral unha participación relativamente equilibrada entre nenos e nenas, especialmente nas actividades de carácter artístico, cultural ou educativo. Non obstante, tamén se observan certas tendencias de segregación por xénero nalgunhas actividades, cunha participación máis feminizada ou máis masculinizada que reproduce parcialmente estereotipos tradicionais asociados ao deporte ou a

determinadas prácticas culturais. Estes datos poñen de manifesto a importancia de continuar promovendo unha oferta de actividades diversa e inclusiva, favorecendo a participación do alumnado sen condicionamentos de xénero e reforzando a visibilización de referentes diversos e a libre elección das actividades segundo os intereses persoais.

En **conclusión**, a análise das respostas dos distintos sectores da comunidade educativa evidencia a existencia dun clima de convivencia positivo no centro e unha valoración maioritariamente favorable do seu compromiso coa igualdade e co respecto á diversidade. Profesorado, familias, persoal non docente e alumnado coinciden en sinalar que as relacións no centro se desenvolven, na maioría dos casos, nun marco de respecto e trato igualitario, sendo pouco frecuentes as situacións de discriminación ou conflito grave. Non obstante, tamén se identifican ámbitos de mellora: profesorado e familias sinalan a necesidade de reforzar as accións formativas e de sensibilización dirixidas á comunidade educativa, mentres que as respostas do alumnado e os datos das actividades extraescolares evidencian a persistencia de certos estereotipos de xénero e dinámicas de segregación nalgúns eleccións e interaccións. En conxunto, os resultados amosan que o centro parte dunha base sólida de convivencia e sensibilización, ao tempo que salientan a importancia de continuar desenvolvendo actuacións educativas que consoliden a cultura de igualdade e favorezan unha convivencia plenamente inclusiva.

3.4. ANÁLISE DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA REXISTRADAS NO CENTRO NOS ÚLTIMOS CURSOS.

Para esta análise, valoráronse polo miúdo as suxestións dos alumnos e das alumnas que conforman o Consello Escolar do Alumnado e daqueles e daquelas que forman parte dos Equipos de Axuda, así como os rexistros de incidencias, as actas das reunións de avaliación e de tutorías e as achegas a través da caixa de suxestións ou a través do Punto Laranxa.

A análise das condutas contrarias á convivencia rexistradas no centro nos últimos cursos amosa unha baixa incidencia de situacións graves, que poñen de manifesto a importancia das propostas de fomento da igualdade que se desenvolven no centro.

A maior parte das incidencias detectadas corresponden a conflitos leves, relacionados fundamentalmente con comentarios ou actitudes machistas, racistas ou capacitistas.

No último curso escolar rexistrouse un único procedemento conciliado, o que indica, en termos xerais, un clima de convivencia positivo no centro.

3.5. ANÁLISE DAS INICIATIVAS DE TRABALLO EN IGUALDADE DESENVOLVIDAS NA ACTUALIDADE NO CENTRO

Nos últimos cursos o centro vén desenvolvendo diversas actuacións orientadas á promoción da igualdade, á convivencia e ao respecto á diversidade. A continuación recóllese algunhas destas iniciativas, que se analizan co fin de identificar o punto de partida do centro nesta materia e orientar a elaboración e desenvolvemento do presente plan.

Documentación institucional e práctica docente

- *A coeducación como marca de identidade* no Proxecto de dirección e, en xeral, en todos os documentos do PEC do centro, con enfoque democrático, inclusivo e feminista.
- Desenvolvemento de *programacións didácticas inclusivas e segundo o enfoque DUA*, tal como recolle a lexislación vixente.
- Emprego de *linguaxe non sexista e inclusiva* nos documentos oficiais e nas comunicacións.
- *Revisión sistemática dos materiais curriculares e audiovisuais* existentes nos centro e selección de novos materiais nas diferentes áreas e niveis, libres de estereotipos e non discriminatorios.
- Incorporación de *referentes femininos e diversos* en ciencias, artes, historia, deporte, literatura, tecnoloxía e vida social.
- Posta en funcionamento dos *protocolos oportunos e acompañamento* do alumnado en situacións de discriminacións, violencia, acoso, maltrato...
- *Coidado especial da dimensión afectiva, emocional e de convivencia* nas rutinas de aula e nas dinámicas do centro entre todos os axentes da comunidade educativa.
- Adquisición de *fondos documentais* sobre igualdade e feminismo para a biblioteca do centro.
- *Difusión* continuada de *recursos*, campañas e materiais coeducativos nas canles oficiais do centro.

Coordinación entre os distintos sectores da comunidade educativa

- Nomeamento na reunión constitutiva do Consello Escolar da *persoa encargada de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real* entre homes e mulleres conforme ao artigo 166.2 da LOMLOE.
- Creación, no seo do Consello Escolar, da *Comisión de Coeducación*, centrada no desenvolvemento de medidas e na proposta de actividades que favorezan a igualdade no centro.
- Nomeamento da *persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia* como figura clave para o impulso das medidas de prevención, detección e intervención. Outorgándolle as sesións necesarias para poder desenvolver a súa tarefa (*Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*).

Proxectos coeducativos consolidados no centro

- *Sentindo en Feminino*, proxecto desenvolvido en Educación Infantil desde o curso 2016–17 (gañador de varios premios educativos entre o que destaca o Premio de educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global 2024).
- *O Libro da Memoria*, que pretende recompilar a tradición oral do noso alumnado e pór en valor á muller como principal transmisora de cultura (desde o curso 2016-17).
- *Con Outra Mirada*, proxecto transversal de coeducación emocional, convivencia e transformación social do centro que se vén desenvolvendo desde o curso 2018-19 a través de propostas formativas, obradoiros e mercados solidarios. Nace da convicción de que, para que o mundo mellore, precisamos formar axeitadamente a cidadanía do futuro e crear conciencia en toda a comunidade educativa.
- *MUS-E*:
- *Equipos de Axuda* (Convive+): desde o curso 2023–24 nos que se dá formación ao alumnado para a xestión e resolución pacífica de conflitos.
- *Consello Escolar do Alumnado*
- Obradoiros con AGARESO, radio escolar como ferramenta para a transformación social (desde o curso 2020-21).
- Obradoiros de *Venres Creativos* desde o curso 2022-23 (dentro do programa Polos Creativos): ondas creativas, debate, igualdade e bo trato, entrevistas...
- Celebración de *conmemoracións* relacionadas coa igualdade efectiva entre homes e mulleres e a eliminación de estereotipos de xénero: Día das familias de acollida; Día Internacional contra as violencias Machistas (*Cambiamos a narrativa, 25N do 2022 ou Está ben...*); Día Internacional da Muller (*Exposición Pegadas* e visitar de mulleres relevantes *Helena Villar e Encarna Otero*); Día do Orgullo *LGTBQA+*;...
- Participación noutras *propostas puntuais* que xorden ao longo do curso: Obradoiros de igualdade e bo trato, desde Infantil ata 6.º de Primaria, en colaboración con entidades especializadas; Proxecto *Mulleres imprescindibles de Compostela*; Maleta da Igualdade (cedida polo CAFI) con material bibliográfico de temática feminista para traballo nas aulas; Participación en propostas, obradoiros puntuais ou actividades

formativas baseadas na promoción da igualdade, da convivencia e da diversidade afectivo-sexual e organizados pola ANPA, entidades locais, ONGs, institucións, universidades, Concello,...; Formación para o alumnado vinculada aos Polos Creativos e ao Plan Director para o uso crítico, responsable e seguro das tecnoloxías; Lecturas coeducativas e clubs de lectura desde a biblioteca escolar; Visitas e encontros con mulleres referentes do ámbito cultural, deportivo, artístico e científico; Elaboración da Guía Coeducativa de Xoguetes para Nadal *Os Agasallos que Queremos*.

- *Formación permanente do profesorado*: Formación sobre coeducación emocional, afectiva e sexual desde unha perspectiva de xénero (curso 2019–20); Obradoiros formativos co profesorado sobre igualdade, cohesión grupal, bo trato, prácticas restaurativas e convivencia (unha ou dúas veces ao curso) con Atalaias e/ou Feitoría Verde (desde 2023); Unha sesión específica (PFPP) sobre atención á diversidade, a igualdade e DUA no curso 2024-25; Diversas sesións sobre radio escolar para docentes como ferramenta para a transformación social a cargo de AGARESO (durante os cursos 2020-21).
- *Organización e uso dos espazos* do centro con perspectiva inclusiva: Revisión do uso do patio para favorecer xogos alternativos, inclusivos e non estereotipados; Potenciación de zonas tranquilas, artísticas, cooperativas ou de coidado; Supervisión de comportamentos axeitados nos espazos comúns polo equipo de docentes, polo persoal non docente, polos equipos de axuda,...; Nomeamento das diferentes aulas do centro co *nome de mulleres* relevantes da nosa cultura...

En conclusión, a análise das apostas desenvolvidas no centro, evidencian unha traxectoria consolidada no traballo en favor da igualdade, a convivencia e o respecto á diversidade. As actuacións levadas a cabo nos últimos cursos reflicten un compromiso continuado da comunidade educativa con estes principios e constitúen unha base sólida sobre a que se articula o presente Plan de Igualdade, permitindo dar continuidade, sistematizar e reforzar as accións orientadas á promoción dunha cultura educativa máis xusta, inclusiva e coeducativa.

3.6. ANÁLISE DAFO

Tras analizar os aspectos anteriores (Esta análise DAFO está baseada nos datos extraídos do Plan de Convivencia e nos da análise do Plan Estratéxico de Mellora elaborado no curso 2023-24)

ORIXE INTERNA	ORIXE EXTERNA
<p style="text-align: center;">Debilidades</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Persistencia de estereotipos e comentarios discriminatorios entre o alumnado e uso desigual dalgúns espazos do centro (especialmente no patio), así como segregación parcial por xénero nalgunhas actividades extraescolares. ● Necesidade de reforzar a formación e a coordinación entre a comunidade educativa en materia de igualdade, convivencia, prácticas restaurativas e prevención das discriminacións. ● Necesidade de mellorar o seguimento e sistematización de actuacións preventivas, incluíndo a revisión de materiais, programacións e uso de linguaxe inclusiva nas comunicacións. ● Participación desigual dalgúns sectores da comunidade educativa, especialmente das familias, cunha maior presenza das nais na relación co centro. 	<p style="text-align: center;">Ameazas</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Influencia das redes sociais e dos contidos dixitais na reprodución de estereotipos machistas, na LGTBIfobia, no racismo ou outras formas de discriminación nos diferentes sectores da comunidade educativa. ● Aparición puntual de condutas contrarias á convivencia e posibles resistencias ou falta de sensibilización dalgúns membros da comunidade educativa ante determinadas cuestións relacionadas coa igualdade.
<p style="text-align: center;">Fortalezas</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Clima xeral de convivencia positivo e valoración favorable do compromiso do centro coa igualdade por parte da comunidade educativa. ● Compromiso coa igualdade reflectido nos documentos de centro. ● Implicación e disposición dos distintos sectores da comunidade educativa para participar en actividades formativas e accións de promoción da igualdade. ● Existencia de estruturas e iniciativas consolidadas no centro: comisión de coeducación, equipo de axuda, coordinación de benestar e convivencia, programa MUS-E, obradoiros de igualdade e bo trato, Consello escolar do alumnado,... 	<p style="text-align: center;">Oportunidades</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Marco normativo estatal e autonómico moi favorable, cunha ampla oferta de programas e recursos promovidos pola Consellería, o Concello e a Universidade de Santiago. ● Crecente sensibilización social e demanda educativa para traballar a igualdade, a diversidade e o bo trato desde a escola. ● Posibilidade de reforzar a formación e a colaboración con entidades externas.

4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN E MEDIDAS DE ACTUACIÓN NOS DIFERENTES ÁMBITOS

OBXECTIVO 1: *Consolidar unha cultura de igualdade efectiva, inclusiva e participativa no conxunto da comunidade educativa.*

Integrar de maneira transversal a perspectiva de igualdade na organización e funcionamento do centro, nos documentos institucionais, nas programacións e nos materiais didácticos, garantindo a presenza de referentes diversos e promovendo relacións igualitarias entre o alumnado, así como un uso equitativo dos espazos e unha participación libre de estereotipos nas actividades escolares e extraescolares.

OBXECTIVO 2: *Reforzar a formación e sensibilización da comunidade educativa en materia de igualdade, diversidade e convivencia como medida preventiva.*

Promover accións formativas e de sensibilización dirixidas ao profesorado, alumnado, familias e persoal non docente que favorezan o bo trato, a empatía, a educación emocional e a resolución pacífica de conflitos, así como a prevención da violencia de xénero, da LGTBIfobia e doutras formas de discriminación.

OBXECTIVO 3: *Mellorar a detección e intervención ante situacións de discriminación ou conflito.*

Fortalecer os mecanismos de observación, rexistro e seguimento das incidencias relacionadas coa convivencia e coa igualdade, garantindo unha resposta educativa coordinada e restaurativa que permita detectar de maneira temperá posibles situacións de discriminación e promover unha convivencia respectuosa e inclusiva en todos os espazos do centro.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE

A partir da análise da situación do centro, da matriz DAFO elaborada e dos obxectivos definidos no presente plan, establécense a continuación as medidas concretas de actuación que orientarán o desenvolvemento do Plan de Igualdade. Estas medidas constitúen o seu marco de intervención e concretaranse anualmente a través das actuacións incluídas na Programación Xeral Anual do centro.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE SEGUIMIENTO / AVALIACIÓN
OBXECTIVO 1: <i>Consolidar unha cultura de igualdade efectiva, inclusiva e participativa no conxunto da comunidade educativa.</i>			
<p>Revisión dos documentos que conforman o PEC así como dos Plans e proxectos do centro para garantir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coherencia entre eles. - Uso dunha linguaxe inclusiva. - Incorporación de perspectiva de xénero e diversidade de referentes. 	<p>Equipo directivo Comisión de Igualdade</p>	<p>Ao inicio do plan e revisión anual</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Listaxe de verificación ● Modificacións realizadas.
<p>Revisión das programacións didácticas e das comunicacións emitidas polo centro para evitar contidos ou representacións estereotipadas ou discriminatorias.</p>	<p>Equipo directivo Profesorado Equipos de ciclo</p>	<p>Anual Cando se incorpore un novo material</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Cumprir cos criterios da listaxe de verificación de linguaxe inclusiva
<p>Revisión dos materiais didácticos elixidos para incorporar referentes diversos (mulleres relevantes, diversidade cultural e lingüística, diversidade funcional, diversidade familiar) e evitar contidos ou representacións estereotipadas ou discriminatorias.</p>	<p>Comisión de igualdade Equipos docentes</p>	<p>1º trimestre Cando se incorpore un novo material</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Cumprir o establecido na listaxe de verificación sobre a elección de materiais e recursos

Promoción dunha cultura de centro baseada na igualdade e no respecto á diversidade (entendida no sentido máis amplo) mediante o desenvolvemento de actividades e proxectos educativos que visibilicen referentes diversos e fomenten valores de igualdade, inclusión e respecto.	Comisión de Igualdade Profesorado Biblioteca escolar	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades e proxectos realizados. ● Participación da comunidade educativa.
Promoción dun uso equitativo e inclusivo dos espazos do centro, garantindo a participación de toda a comunidade educativa e evitando calquera tipo de exclusión ou segregación.	Equipo directivo Profesorado Coordinación de convivencia Comisión de Igualdade	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación do uso dos espazos. ● Participación nas actividades do sector ao que van dirixidas. ● Incidencias rexistradas relacionadas coa convivencia ou discriminación.

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE SEGUIMIENTO / AVALIACIÓN
OBXECTIVO 2: <i>Reforzar a formación e sensibilización da comunidade educativa en materia de igualdade, diversidade e convivencia como medida preventiva ante calquera tipo de discriminación e violencia.</i>			
Difusión entre a comunidade educativa dos protocolos e procedementos de actuación do centro ante situacións de discriminación, acoso ou violencia (machista, racista, LGTBIfóbica, capacitista ou por calquera outra razón).	Equipo directivo Consello escolar	Inicio de curso e cando se actualicen os documentos	<ul style="list-style-type: none"> ● Información difundida a través das canles de comunicación do centro. ● Participación da comunidade educativa nas accións informativas.

<p>Difusión entre a comunidade educativa da liña pedagóxica do centro, reflectida nos documentos oficiais, entre os distintos sectores da comunidade educativa, favorecendo o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e actuacións que a sustentan.</p>	<p>Equipo directivo Consello escolar</p>	<p>Inicio de curso e cando se actualicen os documentos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Información difundida a través das canles de comunicación do centro. ● Participación da comunidade educativa nas accións informativas.
<p>Promoción de accións formativas e de sensibilización, dirixidas ao profesorado en materia de igualdade, diversidade, convivencia e prevención das distintas formas de violencia e discriminación, incluíndo actuacións que favorezan a acollida e integración do alumnado novo mediante dinámicas de apoio entre iguais.</p>	<p>Equipo directivo Consello escolar do alumnado Comisións de Igualdade e de convivencia CAFI</p>	<p>Ao longo de todo o curso</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades realizadas. ● Participación do profesorado
<p>Desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización co alumnado para o fomento da igualdade, o respecto á diversidade, a coeducación emocional e a prevención das distintas formas de violencia e discriminación.</p>	<p>Profesorado D.Orientación Comisión de Igualdade Coordinador/a de benestar e convivencia Comisión de convivencia</p>	<p>Ao longo de todo o curso</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades realizadas. ● Participación do alumnado.

Promoción de accións de formación e sensibilización dirixidas ás familias e ao resto da comunidade educativa sobre igualdade, convivencia e diversidade.	Equipo directivo ANPA Comisión de Igualdade Comisión de convivencia Coordinador/a de benestar e convivencia Persoa encargada de promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades realizadas. ● Participación do alumnado.
--	---	--------------------------	---

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE SEGUIMIENTO / AVALIACIÓN
OBXECTIVO 3: <i>Mellorar a detección e intervención ante situacións de discriminación ou conflito.</i>			
Establecemento de mecanismos de observación, rexistro e seguimento das incidencias relacionadas coa convivencia e coa discriminación no centro.	Equipo directivo Coordinador/a de benestar e convivencia Orientación	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Incidencias rexistradas. ● Análise periódica das situacións detectadas.
Aplicación de medidas educativas, correctivas e restaurativas ante situacións de conflito ou discriminación, promovendo o diálogo, a reparación do dano e a convivencia respectuosa.	Equipo Directivo Profesorado D.Orientación Coordinador/A de benestar e convivencia	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> ● Intervencións realizadas. ● Resolución das situacións detectadas.

<p>Coordinación coas familias e cos servizos externos cando se detecten situacións de discriminación, acoso ou violencia que requiran intervención específica.</p>	<p>Equipo directivo Orientación</p>	<p>Ao longo de todo o curso cando se requira</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Reunións realizadas. ● Actuacións coordinadas cos servizos correspondentes.
--	---	--	--

6. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PLAN. INDICADORES DE LOGRO

O Plan de Igualdade será obxecto dun proceso continuado de **seguimento, avaliación e revisión**, co fin de garantir a súa correcta aplicación e favorecer a mellora progresiva das actuacións desenvolvidas no centro.

O seguimento do Plan de Igualdade corresponderá á **Comisión de Igualdade**, en coordinación co **equipo directivo**, coa **coordinación de benestar e convivencia** e coa xefatura do **departamento de orientación**.

Ao longo do curso realizarase unha **avaliación periódica do desenvolvemento das medidas e liñas de actuación previstas**, analizando o seu grao de implantación e o seu impacto no funcionamento do centro.

Para iso levarase a cabo:

- revisión do grao de cumprimento das actuacións incluídas na **Programación Xeral Anual**
- análise dos **rexistros, incidencias e actuacións relacionadas coa convivencia e a igualdade**
- valoración da participación da comunidade educativa nas actividades desenvolvidas
- recollida de **propostas de mellora formuladas polos distintos sectores da comunidade educativa**.

Para avaliar o desenvolvemento e impacto do Plan de Igualdade empregarase un conxunto reducido de **indicadores cualitativos e cuantitativos**, que permitirán analizar o grao de implantación das medidas previstas e a súa repercusión no funcionamento do centro.

1. **Revisión e actualización dos documentos do centro:** Número de documentos institucionais, programacións didácticas e materiais educativos revisados ou adaptados para incorporar linguaxe inclusiva, perspectiva de igualdade e diversidade de referentes.
2. **Desenvolvemento de actuacións formativas e de sensibilización:** Número de accións formativas e actividades educativas realizadas en materia de igualdade, diversidade e convivencia, así como participación do profesorado, alumnado e familias nas mesmas.
3. **Integración da igualdade na práctica educativa:** Incorporación de actividades, proxectos e recursos didácticos que promovan a igualdade, a diversidade e o pensamento crítico fronte aos estereotipos e ás distintas formas de discriminación.
4. **Clima de convivencia e intervención ante situacións de discriminación:** Rexistro e análise das incidencias relacionadas coa convivencia ou discriminación, así como das actuacións educativas e restaurativas desenvolvidas para a súa resolución.
5. **Participación e uso inclusivo dos espazos do centro:** Observación da participación equilibrada do alumnado nas actividades do centro e do uso inclusivo dos espazos comúns.
6. **Difusión e coñecemento do Plan de Igualdade:** Accións de difusión do plan e das actuacións desenvolvidas a través das canles de comunicación do centro, así como o grao de coñecemento do plan pola comunidade educativa.

A avaliación e revisión do plan realizarase ao rematar cada curso escolar na memoria final de curso na que se recollerán:

- as actuacións realizadas
- o grao de cumprimento dos obxectivos e das medidas previstas
- a valoración dos indicadores establecidos
- as propostas de mellora para o curso seguinte.

O Plan de Igualdade e as actuacións desenvolvidas no seu marco serán difundidas entre os distintos sectores da comunidade educativa a través das **canles de comunicación do centro (web, tableiros informativos, reunións e actividades educativas)**, favorecendo o coñecemento do plan e a implicación da comunidade educativa no seu desenvolvemento.